


Texto e ilustracións: LEO LIONNI
Traducción: XOSÉ MANUEL GONZÁLEZ "OLI"

Encadernado en cartón. 22x30 cm.
40 páxinas a toda cor
Dispoñible en:

- Galego: "Frederick". Tras os montes. ISBN 84-8464-502-9
- Castelán: "Frederick". Libros para Soñar. ISBN 84-933759-1-8
- Euskera: "Frederick". Amets egiteko liburuak. ISBN 84-8464-506-1
- Catalán: "Frederick". Kalandraka. ISBN 84-8464-550-9
- Portugués: "Frederico". Livros para Sonhar. ISBN 972-8781-27-X

Prezo: 15 €

FREDERICK



Unha familia de ratos recolle provisiones para o inverno. Todos traballan agás Frederick, que aparentemente non fai nada, pero tamén se aprovisiona, aínda que doutro tipo de recursos: raios de sol, cores, palabras... Cando chega o inverno, compróbase que o traballo poético deste pequeno rato fora distinto do labor que desempeñaran os demais, pero tamén resultara imprescindible para que todos os ratos pasaran mellor a crueza da estación invernal. Así, neste conto, Frederick é aceptado como é, non coma a desgraciada cigarra da fábula.

Leo Lionni é un dos grandes artistas pioneiros do moderno álbum ilustrado. Un dos grandes temas do conto é a individualidade, o descubrimento e a aceptación da propia identidade: Frederick é poeta e demostra que, do seu xeito particular, tamén fai a súa aportación ao colectivo. Desta maneira preséntasenos ao artista non coma un ser automarxinado ou rexeitado, senón coma unha persoa necesaria para os demais. Fronte á importancia do traballo, Frederick recórdalles aos lectores a necesidade de alimentarse doutras cousas que palla e noces.

Pero vai máis aló. A moitos, Frederick poderalles parecer egoísta, pero o egoísmo do protagonista é, simplemente, unha fidelidade consigo mesmo. Os seus compañeiros de madrigueira, lonxe de recriminarlle, déixanlle meditar, respectan a súa introspección e senten verdadeira curiosidade polo seu mundo que, finalmente, agradecen.

Lionni parece transmitirles aos nenos co seu conto a importancia da liberdade individual: os lectores séntense amparados, pois saben que os ratos respectarán a individualidade de Frederick, o que satisfai ata ao lector máis inseguro. É coma se lle dixera que hai que ser o que un desexa e hai que selo sen temor, posto que os demais poderano entender.

Outras obras deste autor publicadas por KALANDRAKA son "Pequeno azul e pequeno amarelo" e "Nadarín".

LEO LIONNI

(Amsterdam, Holanda, 1910-Tuscany, Italia, 1999)
Creceu nun ambiente artístico -a súa nai fora cantante de ópera e o seu tío Piet un gran afeccionado á pintura e o coleccionismo- e dende moi novo soubo que ese sería o seu destino. Pero a súa formación non foi artística, pois doutorouse en Economía.

O seu primeiro libro para nenos non chegaría ata moitos anos despois, case por casualidade. Durante unha viaxe en tren ocréselle a idea de entreter aos netos creando un conto a partir duns simples anacos de papel de seda. Así xurdiu "Pequeno Azul e Pequeno Amarelo". Foi o primeiro dunha longa lista - máis de 40- de obras aclamadas en todo o mundo pola crítica especializada, como "Frederick". Ámbolos dous títulos foron editados por KALANDRAKA.

Pola súa traxectoria como escultor, deseñador, pintor e ilustrador recibiu en 1984 a Medalla de Ouro do Instituto Americano de Artes Gráficas. En 1931 instalouse en Milán e entrou en contacto co deseño gráfico. Cando se trasladou a América en 1939 traballou nunha axencia de publicidade de Filadelfia como director de arte e posteriormente para a Corporación Olivetti e maila revista Fortune. Paralelamente crecía a súa reputación como artista e os seus cadros exhibíanse nas mellores galerías, dende Nova York a Xapón. Como el mesmo dixo: "Dalgún xeito, nalgures, a arte expresa sempre os sentimentos da infancia".

- **Temática:** a poesía e a arte
- **Idade:** dende 4 anos
- **Aspectos destacables:** clásico da literatura infantil e xuvenil; a personalidade propia